

Ola a tod@s,

Bueno este é o último día que estaremos en contacto neste curso escolar. Se se tratase dunha semana normal estaríamos todos preparándonos para o festival de finde curso, as cancións que preparamos durante o ano exporíanse diante da comunidade escolar e demostraríamos diante de tod@s como traballamos e adquirimos as competencias de música durante o curso académico.

Este queridos meus, non foi un ano normal para ningún de nos, pero temos que velo tamén como algo que soubemos levar como puidemos e como unha lección de vida e de humildade, de que as cousas nunca se poden dar por feitas nin aseguradas.

Quería dicirvos que foi un pracer ser a vosa mestra de música por este curso, e que pasei moi bos momentos na aula con tod@s vós. Que me queda un bonito recordo de Cercio e que entra no meu top 5 de colexios polos que pasei na miña vida.

Espero que teñades todos un verán xenial, e que nos vexamos como digo eu pola vida adiante.

Unha agarimosa aperta a tod@s.

Silvia.

Aqui vai o meu regalo dun video feito coa vosa participación sobre os países que a cada curso lle foron tocando.

https://drive.google.com/file/d/1yvCUKw_90pbdkAbSDugfZ6EVin8K9Kw/view?usp=sharing